

PRAZO DE ADMISIÓN: Do 1 ao 22 de marzo de 2021

Documentación que deberá presentar coa solicitude:

- DNI ou NIE do/a alumno/a
- DNI dos proxenitores
- Certificado oficial do expediente académico
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, de darse o caso.

Documentación que deberá presentar, de ser o caso, para os criterios de baremo (para xustificar os criterios que marque na solicitude). Esta documentación entregaríase, no prazo de 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de solicitudes:

- Irmás/áns do solicitante matriculados no Centro durante o curso escolar 2021/2022: xustificarse coa copia completa do libro de familia.
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo: para xustificar este criterio o principal medio de acreditación será a certificación do padrón municipal expedida polo concello onde conste o domicilio familiar, membros da familia que conviven nel e data de alta na vivenda. A persoa solicitante podrá pedir que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo. De elixir o lugar de traballo, éste xustificarse, se é traballador por conta allea, mediante o documento expedido polo empresario e unha copia do contrato de traballo. Se é un traballador por conta propia, mediante a alta censal na Axencia Estatal de Administración Tributaria e alta na Tesorería Xeral de Seguridade Social.
- Renda per cápita da unidade familiar: as persoas deberán facer constar a base imponible no caso de declaración conxunta ou a base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso da declaración individual. A cantidade da renda sería a suma das casiñas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da renda do ano 2019.

No caso de que non presente declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2021.

- Condición de familia monoparental: para a súa xustificación será preciso presentar a certificación de recoñemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
Familia monoparental é a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos/as menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor/a non contribúa económicoamente ao seu sustento.
- Cursar ensinanzas regadas de música ou danza ou seguir un programa deportivo de alto rendemento: xustificarse mediante a correspondente certificación.

Consultaranse de forma automática (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar os datos relativos a:

- Domicilio fiscal e renda per cápita da unidade familiar
- Condición de familia numerosa
- Discapacidade do alumnado, proxenitores, titulares ou irmáns recoñecida pola Xunta de Galicia.

A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade cando sexan fillos/as comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado.

No caso de separación ou divorcio, requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.